

Curso académico: 2025/26

201888 - Expresión Gráfica

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201888

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual
10098 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Formación Básica

Curso: ---

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Primeiro cuatrimestre

Idiomas:

Acta: Grupo 1: Pendente

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: María del Rocío Mihura López

Profesorado: Luís Antonio Hernández Ibáñez, María del Rocío Mihura López

1. Descrición xeral

A materia Expresión Gráfica estrutúrase en dous módulos complementarios: Composición e Ferramentas.

No módulo de Composición abórdanse os fundamentos teóricos relacionados coa construción da imaxe, incluíndo a percepción visual, os elementos morfolóxicos da imaxe e a súa sintaxe. Pola súa banda, o módulo de Ferramentas céntrase na aprendizaxe e manexo de ferramentas dixitais orientadas á representación gráfica dixital.

O estudiantado que non superara esta materia no curso 24/25 ou anteriores segue o plan de estudos sen modificar, distinto ao actual. A súa Guía Docente atópase nesta dirección:

https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=616&ensenyament=616G01&assignatura=616G01004&any_academic=2024_25

A súa avaliación asimíllase ás condicións dos estudantes con dispensa académica.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Coñecementos

- [C4] Relacionar as metodoloxías de investigación e análise do ámbito audiovisual

Habilidades

- [H1] Aplicar as técnicas de creación e produción audiovisual

- **[H3]** Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado, atendendo á accesibilidade universal e ao deseño para todas as persoas

Competencias

- **[CP1]** Comunicar mensaxes audiovisuais
- **[CP2]** Deseñar e crear produtos audiovisuais
- **[CP4]** Investigar e analizar a comunicación audiovisual
- **[CP5]** Comunicar nos principais códigos da mensaxe audiovisual
- **[CP7]** Integrarse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de diagnosticar problemas, formular e implantar solucións orientadas ao ben común
- **[CP8]** Xustificar como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	A percepción.		MAG00, MAG02, MAG16, MAG39, MAG42.	SEG16, SEG42.
Tema	Elementos Morfolóxicos da Imaxe		MAG00, MAG02, MAG16, MAG39, MAG42.	SEG16, SEG42.
Tema	Sintaxe da Imaxe		MAG00, MAG02, MAG16, MAG39, MAG42.	SEG16, SEG42.
Tema	Teoría da Cor		MAG00, MAG02, MAG16, MAG39, MAG42.	SEG16, SEG42.
Tema	Grafismo Dixital		MAG00, MAG02, MAG16, MAG39, MAG42.	SEG16, SEG42.
Tema	Análise de formas		MAG16, MAG42.	

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial					
Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	Sesión personalizada co estudante para solucionar aspectos específicos de aprendizaxe.	2,00	0,00	4,00	CP2, CP4.

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Análise de fontes documentais [MAG02]	O proxecto consistirá nunha análise en profundidade dun artista determinado ou dun movemento artístico, fundamentado no estudo da súa obra publicada e na aplicación dos contidos teóricos abordados na aula.	3,00	0,00	15,00	C4, CP4, CP7.
Obradoiro [MAG16]	Levarán a cabo traballos na aula a partir dos contidos teóricos impartidos, co acompañamento e a asistencia presencial do profesorado.	14,00	0,00	22,00	H1, H3, CP1, CP5, CP8.
Sesión maxistral [MAG39]	O profesorado levará a cabo presentacións orais, apoiadas en recursos audiovisuais, para explicar os fundamentos teóricos esenciais para o coñecemento e comprensión da materia.	30,00	0,00	30,00	C4, H1, H3, CP4, CP5, CP7, CP8.
Traballos tutelados [MAG42]	O alumnado realizará traballos tutelados que representen unha síntese da aprendizaxe adquirida durante a materia, elaborándoos de maneira autónoma.	2,00	0,00	28,00	C4, H1, H3, CP2.
Suma de horas por tipo		51,00	0,00	99,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Obradoiro [SEG16]	Os apartados 'Ferramentas' e 'Composición' da materia inclúen a realización de exercicios prácticos no taller, que serán avaliados mediante un sistema de avaliación continua, cun valor ponderado en función da súa importancia dentro do conxunto da materia.	70,00	H1, H3, CP1, CP5, CP8.
Traballos tutelados [SEG42]	Nos apartados "Ferramentas" e "Composición" solicitaranse traballos tutelados que impliquen a aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos ao longo da materia.	30,00	C4, H1, H3, CP2, CP4, CP7.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Expresión gráfica: COMPOSICIÓN

Cualificarase mediante avaliación continua, entregando **en data** todas as prácticas e realizando un traballo monográfico tutelado.

Expresión gráfica: FERRAMENTAS

Cualificarase mediante avaliación continua, entregando **en data** todas as prácticas e traballos.

O alumnado que non asistise á clase de forma regular poderá superar a materia realizando un exame na data oficial da convocatoria.

Expresión gráfica (xeral)

O estudantado que non superara esta materia no curso 24/25 ou anteriores segue o plan de estudos sen modificar, distinto ao actual. A súa Guía Docente atópase nesta dirección:

https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=616&ensenyament=616G01&assignatura=616G01004&any_academic=2024_25

A súa avaliación asímilase ás condicións dos estudantes con dispensa académica.

Todos os aspectos relacionados con “dedicación ao estudo”, “permanencia” e “fraude académico” rexeranse de acordo con a normativa académica vixente da UDC.

No caso de que o profesorado sospeite o uso non autorizado de ferramentas de intelixencia artificial na realización dalgunha práctica, poderá solicitar ao estudantado a realización dunha proba complementaria en vivo, co fin de verificar a autoría e o dominio real dos contidos traballados.

5.2. Segunda oportunidade

Expresión gráfica: COMPOSICIÓN

Para superar a parte de Composición na segunda convocatoria será necesario, do mesmo xeito que na primeira, entregar o conxunto de traballos prácticos completo.

Expresión gráfica: FERRAMENTAS

A segunda convocatoria cualificarase mediante a realización dun traballo que o alumnado deberá solicitar ao/á docente responsable con tempo suficiente para a súa elaboración.

O alumnado que non asistise á clase poderá superar a materia realizando un exame na data oficial da convocatoria.

Expresión gráfica (xeral)

O estudantado que non superara esta materia no curso 24/25 ou anteriores segue o plan de estudos sen modificar, distinto ao actual. A súa Guía Docente atópase nesta dirección:

https://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=616&ensenyament=616G01&assignatura=616G01004&any_academic=2024_25

A súa avaliación asímilase ás condicións dos estudantes con dispensa académica.

Todos os aspectos relacionados con “dedicación ao estudo”, “permanencia” e “fraude académico” rexeranse de acordo con a normativa académica vixente da UDC.

5.3. Oportunidade adiantada

As condicións de avaliación da oportunidade adiantada serán as establecidas para a segunda oportunidade.

5.4. Dispensa académica

A materia Expresión gráfica admite a concesión de dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas, conforme ao establecido na **normativa vixente**. Co fin de garantir a equidade no proceso de avaliación e a adquisición dos resultados de aprendizaxe, establécese un sistema de avaliación alternativo para o estudantado con dispensa:

- No apartado Composición, o estudantado deberá entregar todos os traballos requiridos nunha única entrega, que terá lugar na data oficial correspondente á primeira oportunidade.
- No apartado Ferramentas, a cualificación realizarase mediante un exame específico, tamén na data oficial da primeira oportunidade.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Arnheim, Rudolf. (1986). El pensamiento visual. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Arnheim, Rudolf. (2002). Arte y percepción visual: psicología del ojo creador. Alianza, 2ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Dondis, D.A. (2017). La sintaxis de la imagen : introducción al alfabeto visual. Gustavo Gili, 2ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Goldstein, E. Bruce (2006). Sensación y percepción. Thomson-Paraninfo, 6ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Kandinskii, Vasilii Vasil'evich, 1866-1944 (2003). Punto y línea sobre el plano contribución al análisis de los elementos pictóricos. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)

7. Recomendacións

Recoméndase que o alumnado dispoña de computador portátil. As características recomendadas inclúiranse na guía de inicio de curso que o centro publica na súa páxina web.